

GUIEIRO PARA A COMUNICACIÓN DAS MICRO – EXPERIENCIAS DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL



A seguinte ficha pretende ser unha breve guía con indicacións e recomendacións para comunicar os resultados das micro-experiencias na web do Globo. Seguindo algunhas pautas sinxelas e compartidas, conseguiremos que as diferentes micro-esperiencias mostren o seu fío común.

NOVO PROXECTO	Recolle o título, indica quen promove a microexperiencia e presenta un resumo da mesma
NOME DA MICRO - EXPERIENCIA	Extensión máxima de 50 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
<p>Mostrar que é unha experiencia de transformación mediante a acción Plantamos cara ao racismo</p> <p>Linguaxe clara, indo ao central Vixiamos os ríos, preservamos a súa riqueza</p> <p>Formulado en positivo Construíndo unha sociedade máis xusta Preservar os océanos está nas túas mans</p>	<p>Centrarvos no problema, sen mencionar a acción O racismo na nosa sociedade</p> <p>Linguaxe confusa e ambigua, que non se saiba ben de que se trata Coidando o que é noso</p> <p>Formulado en negativo O lixo no mar As desigualdades de xénero</p>
DESCRICIÓN	Funciona a modo de síntese da micro-experiencia: sitúa o tema sobre o que incidiu a iniciativa. Extensión máxima de 220 caracteres.
O que SI debes facer	O que NON debes facer
<p>Facer referencia ao marco dos obxectivos de desenvolvemento sostible, ou aos dereitos humanos, que sustentan a elección deste tema (https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/) Esta experiencia pretende axudar a alcanzar o obxectivo 13 de desenvolvemento sostible: a acción polo clima.</p> <p>Presentar a experiencia, para que sexa fácil comprender de que se trata A través dun pequeno posto en cada recreo, fomentamos unha alimentación saudable e o consumo de produtos ecolóxicos realizados cerca de nós.</p>	<p>Escoller unha temática que non teña un interese social recoñecido Esta experiencia céntrase en que as nenas e nenos poidamos ver pantallas máis horas ao día.</p> <p>Mencionar algún aspecto da experiencia, pero que non é central ou non permite entender de que se trata Tivemos que facer unha organización en quendas para atender un posto durante os recreos. Todo o mundo ten que colaborar.</p>

<p>Mencionar o que ides facer e con que obxectivos</p> <p>Facemos diferentes percorridos en bicicleta, sinalando con carteis os puntos perigosos ou difíciles. Deste xeito, impulsamos o uso da bicicleta e pedimos que se melloren os traxectos.</p> <p>Incluír algún enlace a unha web, se ofrece información significativa</p> <p>A través dunha campaña de información e recollida de sinaturas, axudamos a persoas desprazadas a que se garanta o seu dereito de asilo</p> <p>https://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights/</p>	<p>Mencionar os obxectivos, pero non a forma en que ides tratar de conseguilos</p> <p>Queremos cambiar as relacións no centro, para que prime o bo trato, non se exclúa a ninguén e se resolvan os conflitos de forma positiva.</p> <p>Incluír enlaces de cousas que desvíen o tema</p> <p>A través de actividades de sensibilización e da limpeza de fontes, queremos garantir o acceso a auga potable para toda a poboación de Carballo</p> <p>http://carballo.gal/portada.php</p>
<p>IMAXE</p>	<p>Seleccionamos unha imaxe que sexa ilustrativa do proxecto</p>
<p>O que SI debes facer</p>	<p>O que NON debes facer</p>
<p>Debe ilustrar a experiencia desenvolvida: será a primeira impresión que as persoas se leven do proxecto.</p> <p>Debería transmitir unha sensación positiva: os cambios son posibles e as pequenas accións poden transformar a realidade</p> <p>Achegar a fotografía coa maior calidade posible</p> <p>De non existir imaxes propias do proxecto, buscaríamos algunha fotografía con dereito de ser compartida</p>	<p>Unha imaxe que non teña que ver coa experiencia ou que non ilustre en que consiste.</p> <p>Transmitir unha sensación negativa</p> <p>Empregar imaxes de moi baixa calidade.</p> <p>Utilizar imaxes de internet con dereitos restrinxidos de uso</p>
<p>VÍDEO</p>	<p>En vez dunha imaxe, podemos ilustrar a nosa iniciativa cun vídeo</p>
<p>O que SI debes facer</p>	<p>O que NON debes facer</p>
<p>Debe ilustrar a experiencia desenvolvida: será a primeira impresión que as persoas se leven do proxecto.</p> <p>Debe transmitir unha sensación positiva: os cambios son posibles e as pequenas accións poden transformar a realidade</p> <p>Debe ter calidade de imaxe e de son e ser dinámico</p>	<p>Un vídeo que non teña que ver coa experiencia ou que non ilustre en que consiste.</p> <p>Transmitir unha sensación negativa</p> <p>Empregar vídeos de moi baixa calidade ou que poidan aburrir.</p>
<p>ENTIDADE</p>	<p>Poñer o nome do centro educativo, da asociación ou da entidade que promove a experiencia.</p>
<p>O que SI debes facer</p>	<p>O que NON debes facer</p>
<p>Escoller no despregable.</p> <p>IES de Melide</p> <p>No caso de que non estea, hai que dala previamente de alta no apartado Entidades da web, tratando de poñer un nome curto, de non máis de 50 caracteres.</p> <p>Facultade de Ciencias da Educación da USC</p>	<p>Indicar o curso ou outras informacións que non fan referencia á entidade.</p> <p>Alumnado de 3º da ESO do IES de Melide</p> <p>Dar de alta unha entidade cun nome moi longo</p> <p>Facultade de Ciencias da Educación da universidade de Santiago de Compostela (USC)</p>

FASE	Indicar a fase máis avanzada na que se atopa a experiencia
O que SI debes facer	O que NON debes facer
No caso de que xa se desenvolvera unha acción e se presentara na web, debe seleccionarse no despregable a fase Acción.	Indicar que está en fase luces, ou cámara, cando xa se ten desenvolvido e presentado unha fase posterior.
No caso de se fixeran as fases luces e cámara e estean presentadas na web, debe seleccionarse a fase Cámara.	Poñer que está nunha fase, sen presentar a información sobre dita fase.
No caso de que só se desenvolvera a fase luces, debe seleccionarse Luces.	Esquecer actualizar a fase, no caso de que se avanzara.

LUCES	Nesta fase tratamos de achegarnos á temática escollida dende os datos existentes: estudos, artigos académicos, resultados de enquisas, etc. Trátase de coñecer o problema, con información contrastada e obxectiva.
TÍTULO	Extensión máxima de 70 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
Unha opción é acoutar ben a temática que estades a estudar Os efectos da pesca industrial nos océanos	Que non se entenda ben o que estades a estudar ou sexa demasiado amplo A conservación do medio mariño
Outra opción é ofrecer o dato que consideredes máis relevante ou significativo Só unha muller entre os 100 deportistas máis ricos	Poñer unha información ou dato pouco concreto ou que xa todo o mundo coñece Nas cidades hai máis contaminación que no campo
DESCRICIÓN	Extensión máxima de 1.000 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
Aportar os principais datos resultado da vosa investigación As mulleres dedican de media 4,3 horas ao traballo dos coidados, fronte ás 2,1 que dedican os homes. Fonte: Organización Internacional do Traballo, 2018	Mensaxe non concreta As mulleres dedícanse en maior medida a tarefas que teñen que ver coa axuda ás persoas dependentes (nenos e nenas, maiores, etc)
Presentar os datos da forma máis obxectiva posible Mais de 300 persoas morreron nas protestas que tiveron lugar en Nicaragua en 2019 e 2.000 resultaron feridas. Esta crise provocou a fuxida de mais de 80.000 persoas do país.	Non presentar información obxectiva que permita validar o que dicimos Nos últimos anos, Nicaragua está a experimentando protestas, que foron reprimidas con moita violencia e sen respectar os dereitos humanos.
Citar as fontes Os datos analizados en relación á problemática foron extraídos do informe "El estado mundial de la pesca y la acuicultura" que elabora a Organización de Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO)	Ofrecer datos sen citar as fontes
No caso de que se trate dunha enquisa ou traballo de investigación directa feita por vós, debes especificalo. Fonte: elaboración propia, a partir dunha enquisa.	

ANEXOS	Pódense anexar imaxes, gráficas e documentos para ilustrar a fase de luces e para ofrecer información máis detallada, se se quere.
O que SI debes facer	O que NON debes facer
É recomendable achegar documentación e os recursos empregados na aula (informes, estatísticas, etc), que se anexarán na web para que poidan consultarse (formato pdf, jpg, vídeo, etc.) Se se produciron materiais (enquisas, etc), e fotografías, achegalos para poder compartilos na web	Deixalo sen ningún material, salvo que non teñades Deixalo sen ningunha imaxe, salvo que non teñades

CÁMARA	A partir dos datos que obtivemos, podemos analizar e reflexionar: ver cales son as causas, cales poden ser as solucións, o papel que xoga cada quen... En resumo, é o espazo para a reflexión crítica sobre a temática escollida.
TÍTULO	Extensión máxima de 70 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
Un titular que convide ás persoas que len a web a que se fagan preguntas sobre a problemática <i>A auga: un dereito ou un ben de consumo?</i> Outra opción é que o titular sexa o resultado principal da vosa reflexión <i>Co noso consumo, tamén somos responsables da pobreza</i>	Que non se entenda ben o que estades a estudar ou sexa demasiado amplo <i>Reflexións sobre a contaminación</i> Poñer unha información ou dato pouco concreto ou que xa todo o mundo coñece <i>Nas cidades hai máis contaminación que no campo</i>
DESCRICIÓN	Extensión máxima de 1.000 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
Describir as principais ideas debatidas e as principais conclusións ás que se chegou <i>Para reducir a contaminación e a crise climática, non basta con reciclar moito ou reutilizar: o comportamento máis ecolóxico sería consumir o menos posible.</i> Se non todo o mundo ten a mesma visión, podemos indicar as diferentes posturas e os argumentos <i>Cando as persoas nos atopamos diante de formas de vida, crenzas e formas de actuar diferentes temos distintas respostas. Na clase tamén temos diferentes posturas ante a diversidade cultural. Unha parte do grupo, pensamos que toda a diversidade cultural ten valor e que hai que evitar xulgar a unhas culturas desde outras culturas. O problema que pode carrexar isto é que non saibamos reaccionar diante de actos inxustos nalgunhas culturas. Outra parte prefire fomentar o diálogo entre culturas e procurar que algunhas pautas que son positivas se adopten con carácter universal: por exemplo eliminando todas as cuestións que atenten contra o ser humano. O problema disto é caer en certa posición de superioridade cultural á hora de valorar que algo sexa positivo.</i>	Dicir que se debateu, pero non indicar cales foron as ideas <i>Realizamos un debate no que cada quen presentaba a súa postura tratando de chegar a un acordo.</i> Presentar unhas opinións e ocultar outras <i>Non todas as persoas pensamos igual, pero a idea máis acertada é que toda a diversidade cultural ten valor e que hai que evitar xulgar a unhas culturas desde outras culturas.</i> Presentar argumentos ou opinións que vaian contra os dereitos humanos ou non teñan calidade argumental

ANEXOS	Pódense anexar imaxes, gráficas e documentos para ilustrar a fase de luces e para ofrecer información máis detallada, se se quere.
O que SI debes facer	O que NON debes facer
É recomendable achegar documentación e os recursos empregados na aula (mapas mentais, cadros para a reflexión, etc.), que se anexarán na web para que poidan consultarse (formato pdf, jpg, vídeo, etc.) Se se produciron materiais e fotografías, achegalos para poder compartilos na web	Non poñer ningún material, salvo que non se empregara Non poñer ningunha imaxe, salvo que non se conte con ningunha

ACCIÓN	Nesta fase poñemos en marcha iniciativas que teñen un impacto ao noso arredor e buscan concienciar, intervir ou mudar a realidade sobre a que traballamos, dando unha resposta activa.
TÍTULO	Extensión máxima de 70 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
O titular describe a resposta activa que se levou a cabo Adhesivos que conciencian para non tirar as cabichas ao chan Deseñamos o noso patio inclusivo	Que non se entenda ben a acción que se realizou Melloramos a convivencia Pasamos á acción!
DESCRICIÓN	Extensión máxima de 1.000 caracteres
O que SI debes facer	O que NON debes facer
Presentamos as accións levadas a cabo para incidir sobre a temática: poden ser accións de sensibilización, cambios directos como limpeza ou mellora do entorno, incidencia política, como envío de caras e peticións ás institucións, etc. Fixose unha exposición para informar e sensibilizar ao resto do CEIP Isidro Parga Pondal sobre o perigo que supón que a auga termine sendo un produto de consumo caro. Na exposición móstranse gráficas sobre os usos da auga, do coñecemento que a xente ten sobre a xestión da auga, e fotos de fontes e lavadoiros públicos de Carballo. Ofrecemos datos que permitan entender ben en que consistiu a acción e mesmo poidan inspirar a outras persoas a facela tamén. Para montar a exposición, empregamos cartóns de 2 metros de altura, cada un deles cunha mensaxe e ilustracións de gran tamaño. A exposición estivo nos corredores do centro durante 15 días. Para conseguir maior interese, fixemos un acto de inauguración da exposición, no que convidamos á xente a dar a súa opinión.	Volver a repetir pasos anteriores, de investigación ou reflexión, sen desenvolver aquí unha acción concreta e real Debatemos sobre a pobreza e concluímos que existen suficientes alimentos e materiais para atender ás necesidades de todas as persoas no mundo, pero é necesario repartir a riqueza de forma máis igualitaria. Describir unha acción que nos gustaría facer, pero que non fixemos O que describimos aquí é como pensamos que se debería actuar fronte ao cambio climático.

ANEXOS	Pódense anexar imaxes, gráficas e documentos para ilustrar a acción desenvolta, para ofrecer información máis detallada e para motivar a que outras persoas fagan tamén esta acción.
O que SI debes facer	O que NON debes facer
É recomendable achegar os materiais xerados: vídeos, carteis, fotografías, exposicións, maquetas, deseños, ilustracións, esculturas, cartas, etc Se se produciron fotografías ou vídeos, achegalos para poder compartilos na web	Non poñer ningún material Fixemos carteis que se expuxeron na entrada da biblioteca (sen anexar os carteis) Non poñer ningunha imaxe

REVISIÓN E LINGUAXE INCLUSIVA

Antes de publicar, facede unha revisión dos textos, coidando que non haxa faltas de ortografía, nin grallas e que a linguaxe sexa clara e correcta.

Na revisión, fixédevos tamén en **garantir sempre que a linguaxe sexa inclusiva**: coidado, porque ás veces empregamos sen querer expresións discriminatorias.

Existen diversas guías de linguaxe inclusiva: <https://xornalismoinclusivo.wordpress.com/guias-de-linguaxe-inclusiva/>

Algúns exemplos son:

Persoas migrantes

O que SI debes escribir	O que NON debes escribir
Persoas en situación irregular, persoas sen autorización de residencia / de traballo	Ilegais, clandestinos, sen papeis (termos incorrectos, por ética e desde o punto de vista xurídico)
Oportunidade, reto, realidade irreversible, achega social e económica	Problema, ameaza, bomba de relojería
Entrada, chegada	Oleadas de pateras, mareas de inmigrantes, avalanchas (idea de invasión)
Persoa negra / negroafricana	Persoa de cor, moreno

Comunidade xitana

O que SI debes escribir	O que NON debes escribir
Comunidade xitana	Colectivo xitano
Etnia	Raza
Familia extensa, grupo familiar, liñaxe	Clan
Home / muller de respecto	Patriarca, matriarca
Conflito, enfrontamento, discusión	Liorta

Persoas con discapacidade

O que SI debes escribir	O que NON debes escribir
Hai que sinalar: persoas /henos / adultos con discapacidade	Suxeitos que sofren, padecen, están afectados por..., minusválidos, impedidos, diminuídos, parálíticos, subnormais, deficientes...
Persoas con discapacidade	Os discapacitados
Persoas xordas	Os xordos, sordomudos
Persoas cegas	Invidentes
Persoas con discapacidade física	Impedidos, inválidos, parálíticos, inútiles, eivados...
Usuario/a de cadeira de rodas	Prostrado/a en unha cadeira de rodas
Persoas con discapacidade intelectual	Diminuídos, subnormales, deficientes, atrasados...
Persoas con Síndrome de Down	Diminuídos, deficientes, mongólicos, atrasados...
Persoa con enfermidade mental ou persoa con problemas de saúde mental.	Enfermo mental, trastornado, perturbado, psicópata, demente...
Persoa con esquizofrenia / depresión ou persoa que ten esquizofrenia.	Esquizofrénico/a, depresivo/a, maníaco/a, anoréxico/a, psicótico/a...
Saúde mental, enfermidade ou problema de saúde mental	Enfermidades mentais ou enfermidades psiquiátricas
Persoas con Autismo	Autista
Persoa con sordoceguera	Xordo cego
Lingua de signos	Linguaxe de signos
Centro de saúde mental, centro de día, centro de rehabilitación, centro de recursos para persoas con discapacidade	Manicomio, psiquiátrico
Ingreso hospitalario en...(nome do centro ou hospital)	Reclusión, internamento, encerro